



recoñecemento
da experiencia
profesional


RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL: REXP 2019



ACTO DE ENTREGA DE ACREDITACIÓNS E CERTIFICADOS REXP 2018



DIFUSIÓN PROCEDEMENTO REXP



EXPEDICIÓN

- CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE
- CERTIFICACIÓNS PERSOAIS GASES FLUORADOS



PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE



- ### OUTROS ESTUDOS E INFORMES:
- PROFESIÓNs REGULADAS
 - SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS

Recoñecemento da Experiencia Profesional REXP 2019

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO

www.emprego.ceei.xunta.gal

REXP recoñecemento
da experiencia
profesional

FASE 1: INSCRICIÓN



FASE 2: ASESORAMENTO



FASE 3: AVALIACIÓN



FASE 4: ACREDITACIÓN

CERTIFICADO OFICIAL



CONVOCATORIAS REXP 2019

A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou dúas convocatorias do procedemento REXP de recoñecemento da experiencia profesional para o ano 2019 que corresponde á 11ª e 12ª convocatorias das que esta consellería leva realizando dende a ano 2011. Cada unha centrouse en determinados ámbitos profesionais convocándose entre ambas as dúas un total de:

- 11 Cualificacións profesionais completas
- 1.817 Prazas convocadas
- 6.968 Unidades de competencia

Publicación da 11ª convocatoria

ORDE do 3 de decembro de 2018 pola que se realiza a primeira convocatoria pública para o ano 2019 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

DOG núm. 236, do 12 de decembro de 2018

Inscripción dende : 13/12/2018 ata: 04/01/2018

Con esta orde procédese á primeira convocatoria do procedemento de recoñecemento da competencia profesional para o ano 2019; cun total de 467 prazas en 4 cualificacións profesionais na familia profesional de Seguridade e medio ambiente.

467 prazas

1.818 unidades de competencia

Cualificación profesional	Prazas
Servizos para o control de pragas (SEA028_2)	50
Xestión de servizos para o control de organismos nocivos (SEA251_3)	25
Extinción de incendios e salvamento (SEA129_2)	150
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA595_2)	242

REXP 2019

Publicación da 12ª convocatoria

ORDE do 31 de decembro de 2018 pola que se realiza a segunda convocatoria pública para o ano 2019 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, cofinanciado nun 80 % polo FSE con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

DOG núm. 14, do 21 de xaneiro de 2019

Nesta 12ª convócanse un total de 1.350 prazas en 7 cualificacións profesionais, das que 2 se convocan por primeira vez:

- Docencia da Formación profesional para o emprego de nivel 3
- Operacións básicas de fabricación mecánica de nivel 1

Tamén se convoca a cualificación profesional de Confección e mantemento de artes e aparellos, que supón unha novidade con respecto á anterior convocatoria do ano 2018, xa que se convoca en anos alternos, cando o propio sector manifesta a necesidade de acreditación dos seus propios traballadores/as.

Esta convocatoria estase a desenvolver, finalizando en decembro deste ano.

1.350 prazas

5.150 unidades de competencia

CUALIFICACIÓN PROFESIONAL	Prazas
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2)	300
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2)	250
Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2)	225
Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2)	225
Tanatopraxia (SAN491_3)	150
Docencia da formación para o emprego (SSC448_3)	100
Operacións básicas de fabricación mecánica (FME031_1)	100

Convocatoria REXP 2018

Resumo de resultados

Na 10ª convocatoria realizada e finalizada no 2018 convocáronse un total de **10 cualificacións profesionais**. En total ofertáronse **2.067 prazas para un total de 7.700 unidades de competencia**. Nesta 10ª convocatoria un total de persoas **2.133** solicitaron participar. Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) un total de **1.491** persoas. Destas seleccionadas, finalizaron asesoramento e avaliación un total de **1.071** persoas, das que un 44,07%, **472 persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP** e un 47,25%, **506 persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia**.

Cualificacións profesionais	Prazas convocadas	Solicitudes presentadas	Candidatos Seleccionados	Finalizaron asesoramento e avaliación	Obteñen Certificados Profesionaliade	Obteñen Acreditacións Parciais de Unidades
Atención sociosanitaria a personas no domicilio	553	745	435	313	140	142
Atención sociosanitaria a personas dependientes en institucións sociais	435	391	268	188	52	117
Confección e mantemento de artes e aparellos	50	66	57	49	49	0
Servizos para o control de pragas	65	113	55	41	38	3
Xestión de servizos para o control de pragas	50	29	16	15	8	6
Socorrismo en instalacións acuáticas	278	185	152	66	10	46
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	224	97	77	45	18	25
Tanatopraxia	150	245	168	135	15	93
Extinción de incendios e salvamento	162	161	162	134	105	26
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio no medio natural e rural	100	101	101	85	37	48
TOTAIS	2.067	2.133	1.491	1.071	472	506

Convocatorias REXP finalizadas: 2011-2018

Resumo de resultados

Nas 10 convocatorias realizadas e finalizadas entre 2011 e 2018 convocáronse un total de **17 cualificacións profesionais**. En total ofertáronse **15.944 prazas**. Nestas 10 convocatorias un total de **30.847** persoas solicitaron participar (case o dobre das prazas ofertadas). Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) aproximadamente a metade, un total de **15.780** persoas. Destas seleccionadas, finalizaron asesoramento e avaliación un total de **13.210** persoas, das que un 63,13%, **8.334** persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP e un 31,83%, **4.202** persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia.

Cualificacións profesionais	Prazas convocadas	Solicitudes presentadas	Candidatos Seleccionados	Finalizaron asesoramento e avaliación	Obteñen Certificados Profesionaliade	Obteñen Acreditacións Parciais de Unidades
Atención sociosanitaria a personas no domicilio	5322	11237	5654	4817	3339	1240
Atención sociosanitaria a personas dependentes en institucións sociais	4110	8226	4458	3738	2225	1320
Confección e mantemento de artes e aparellos	520	408	359	341	333	1
Operacións básicas de restaurante e bar	100	141	92	73	73	0
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	182	116	53	42	36	6
Soldadura	58	71	66	44	34	9
Cubertas inclinadas (UCs lousa)	50	58	38	36	33	3
Servizos para o control de pragas	573	933	549	438	353	34
Xestión de servizos para o control de pragas	200	280	179	151	100	39
Socorrismo en instalacións acuáticas	1716	3746	1687	1293	555	665
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	1331	2512	1092	925	457	434
Información xuvenil	250	311	199	180	163	17
Transporte sanitario	200	96	42	27	12	14
Tanatopraxia	450	794	494	422	126	248
Aproveitamentos forestais	100	67	35	28	0	26
Extinción de incendios e salvamento	612	1234	612	503	443	56
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio no medio natural e rural	170	577	171	143	52	90
TOTAIS	15.944	30.847	15.780	13.201	8.334	4.202

Acto de Entrega de Acreditacións e Certificados REXP 2018

O día 18 de xuño de 2019, no Pazo de Congressos e Exposicións de Santiago de Compostela, tivo lugar o acto de entrega dos certificados de profesionalidade e acreditacións parciais de unidades de competencia, para todas as persoas que participaron no procedemento REXP de recoñecemento da experiencia laboral, desenvolvido ao longo do ano 2018, e que demostraron a súa competencia profesional en todas ou parte das unidades de competencia das cualificacións profesionais que se convocaron segundo a Orde 18 de decembro de 2017 (Atención Sociosanitaria a persoas dependentes, Control de pragas, Socorrismo acuático, Extinción de incendios urbanos e forestais, Confección e mantemento de artes e aparellos e Tanatopraxia).



A entrega foi realizada polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e a secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca.



A este acto asistiron preto de 600 persoas, entre candidatos que foron recoller os seus certificados e acreditacións e diversas autoridades e representantes do mundo da formación e o emprego relacionados cos sectores produtivos e cualificacións profesionais convocadas.

Para as persoas candidatas que non puideron asistir a este acto de entrega de certificados e acreditacións, dende agosto deste ano téñenos á súa disposición no Instituto Galego de Cualificación (Rúa San Lázaro s/n, Santiago de Compostela), e poden achegarse a recollelos en calquera momento.



DIFUSIÓN PROCEDIMENTO REXP

Co fin de dar a coñecer o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral puxo en marcha unha campaña de comunicación, a través da elaboración de varios vídeos que se dirixen a aquelas persoas que teñen experiencia laboral e/ou formación e non posúen unha acreditación oficial.

O obxectivo destes vídeos é dar a coñecer a posibilidade de obter un recoñecemento oficial da experiencia profesional con validez en todo o territorio do Estado.

Actualmente na páxina web da Consellería pódense atopar tres vídeos divulgativos

Video-REXP: Recoñecemento da Experiencia profesional 1

Neste vídeo recóllense as testemuñas de diferentes responsables de empresas que poñen de manifesto a importancia e beneficios que para as propias empresas, ademais de para os propios traballadores, ten este procedemento de recoñecemento das competencias profesionais. En concreto recolle testemuñas do ámbito das cualificacións profesionais de dependencia, de control de pragas e de tanatopraxia.

Video-REXP: Recoñecemento da Experiencia profesional 2

Intenta achegar a todas aquelas persoas interesadas á realidade concreta de como se desenvolve o procedemento, a través das testemuñas de diferentes persoas que xa participaron neste procedemento e que explican como foi a súa experiencia, as súas dúbidas ao inscribirse e satisfacción obtida polos resultados acadados.

Video-REXP: Recoñecemento da Experiencia profesional 3

Trátase dun vídeo explicativo en que se describe de forma moi didáctica como se realiza o desenvolvemento deste procedemento de recoñecemento da competencia profesional dende o momento da inscrición, cos requisitos necesarios para poder inscribirse, onde dirixirse ata como se desenvolverán as fases de asesoramento e avaliación.

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO



REXP recoñecemento
da experiencia
profesional



EXPEDICIÓN CERTIFICACIÓNS PROFESIONAIS



CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Na disposición transitoria primeira do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (BOE nº 27, do 31.01.08 e suplemento en galego BOE nº 1, do 1.02.08), establécese a expedición de certificados de profesionalidade pola realización de determinadas accións formativas.

Ao abeiro desta disposición, o Instituto Galego das Cualificacións, a través dunha aplicación informática propia da Comunidade Autónoma de Galicia, leva a cabo a tramitación e rexistro dos certificados de profesionalidade, en coordinación coa aplicación informática SILCOI do Servizo Público de Emprego Estatal.

No ano de 2018 solicitáronse un total de 8.224 certificados de profesionalidade e lévanse concedidos un total de 7.151 de certificados de profesionalidade completos e 606 acreditacións parciais de unidades de competencia, e o resto atópanse en estado de tramitación.

Ata o mes de setembro deste ano 2019 recibíronse un total de 3.586 solicitudes e concedéronse un total de 3.251 certificados de profesionalidade



CERTIFICACIÓNS PERSOAIS GASES FLUORADOS

En febreiro de 2017 publicouse o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regulan as certificacións dos profesionais necesarias para os que empregan gases fluorados.

O Decreto 100/2011, do 19 de maio, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, regula a distribución de competencias en materia de expedición destas certificacións e establece a competencia da consellería con competencias en materia de traballo, neste caso a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a expedición de certificados persoais, cando a certificación se obteña como consecuencia da obtención dun certificado de profesionalidade, así como o mantemento dun rexistro actualizado dos certificados expedidos.

Durante o ano 2018 rexistráronse dende esta aplicación un total de 264 novas solicitudes, das cales 229 foron certificacións persoais concedidas, 5 foron solicitudes denegadas, e a 30 requiríuselles documentación ou foron trasladadas. Ademais, resolvéronse solicitudes presentadas en anos anteriores, en concreto, concedéronse 29 certificacións persoais, e 3 foron denegadas.

Ata o mes de setembro do ano 2019 recibíronse un total de 110 solicitudes e lévanse concedidas un total de 85 certificacións persoais.

TR307A - Solicitud de certificación personal para la manipulación de gases fluorados
ED321A - Certificación personal en la manipulación de gases fluorados



Rexistro de certificados para a manipulación de gases fluorados



Comercializar e manipular gases fluorados

- Rexistro de certificados para a manipulación de gases fluorados
- Certificación de empresas
- Certificación persoal
- Autorización de distribuidores de halóns

Toda a información
<http://ceei.xunta.gal/registros/certificados-fluorados>

Organizacións: Secretaría Xeral de Emprego
Temas: Seguridade e saúde laboral; Industria



13ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

Resultados da 13ª convocatoria do ano 2019, de probas de avaliación de competencias clave de nivel 2 e nivel 3, convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral na Resolución do 25 de febreiro de 2019 (DOG núm. 44 do 4 de marzo 2019).

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

Esta convocatoria reafirma o propósito da Consellería de Economía, Emprego e Industria de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, mellorando o perfil profesional das persoas e motivándoas para progresar no eido do emprego e da formación, co obxectivo final de acadar a inserción profesional no mercado laboral.

Pode consultar toda a información do procedemento de probas de competencias clave no portal da Consellería.

Resultados das probas

Houbo 3.856 solicitudes e fixéronse en total 15.569 probas. Como é habitual, as competencias clave máis demandadas foron as de Matemáticas, Lingua castelá e Lingua galega de nivel 2.

A porcentaxe de aptos sitúase nun 72,57 % para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 61,61% nas probas de nivel 3.


COMPETENCIAS CLAVE	NIVEL 2			NIVEL 3		
	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS	PRESENTADOS	APROBADOS	%APROBADOS
Galego	1.817	1.347	74,13	666	483	72,52%
Castelán	1.856	1.641	88,42%	710	545	76,76%
Matemáticas	1.933	1.468	75,94%	683	436	63,84%
Inglés	1.139	439	38,54%	551	144	26,13%
TOTAIS	6.745	4.895	72,57%	2.610	1.608	61,61%

PROFESIÓNs REGULADAS (actualización novembro 2019)

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias profesionais

Neste informe, de revisión permanente, o Instituto Galego das Cualificacións presenta un inventario, así como unha análise pormenorizada que pode servir de información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.



ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

SOCORRISTA

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

NORMATIVA

- **Decreto 35/2017**, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- **Decreto 104/2012**, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, presentando a preceptiva declaración responsable, e que dispoña da correspondente habilitación profesional.



Este estudo persegue dar a coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionarles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.

>> COMARCA DA BARBANZA

SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS

20 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS LABORAIS

>> OCUPABILIDADE LABORAL MOIALTA:

- Traballadores das industrias do peixe
- Camareiros asalariados
- Mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns
- Condutores asalariados de camiões
- Outras ocupacións elementais⁶
- Oficiais, operarios e artesáns doutros oficios non clasificados baixo outras epígrafes
- Axudantes de cociña
- Peóns da pesca
- Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
- Pescadores de augas costeiras e augas doces

>> OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:


- Peóns das industrias manufactureiras
- Peóns do transporte de mercadorías e descargadores
- Monitores de actividades recreativas e de entretemento
- Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns
- Condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas
- Pintores e empapeladores

>> OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Vendedores en tendas e almacéns
- Pescadores de altura
- Recolletores de residuos
- Empregados domésticos



Nº Contratados 2016



Publicación de carácter anual con información referida aos grupos ocupacionais que representan unha maior ocupabilidade laboral.

⁶ Acomodadores, apercechoes, empregados de jendarrupa en locais públicos; porteiros de espectáculos.

